

Unha delegación estadounidense que conmemora o Bosque de Colón visita o Parlamento de Galicia

Santiago, 13 de abril de 2018.- Unha delegación estadounidense, encabezada polo profesor John Harmon McElroy, artífice da plantación do denominado Bosque de Colón, en Poio, visitou este mediodía o Parlamento de Galicia, un cuarto de século despois de aquela iniciativa concibida ao abeiro da conmemoración do 500 aniversario do descubrimento de América.

A delegación foi recibida polo titular do Lexislativo galego, Miguel Ángel Santalices Vieira, que lles explicou a historia e o funcionamento do Parlamento. A visita rematou cunha fotografía de familia no Salón de Plenos.

John Harmon McElroy, un xove profesor de Literatura que en 1968 chegou á Universidade de Salamanca como beneficiario dunha beca *Fulbright* para preparar unha edición comentada dun libro sobre Cristóbal Colón, visitou Galicia coa súa familia en 1969.

Naquela viaxe, o profesor observou que o clima de Galicia presentaba similitudes co do Norte de California, feito que o levou a plantexar, dúas décadas máis tarde, a idea de plantar 500 secuoias no sur da Comunidade, onde se recibiran as primeiras noticias do descubrimento e onde varias fontes que consultara durante as súas investigacións situaban a orixe de Cristóbal Colón.

Xa a finais de 1992, unha expedición de 24 escolares de 6 estados americanos, de entre 15 e 18 anos, plantaron as secuoias en Poio canda outros tantos mozos designados por ese concello pontevedrés e pola Comunidade de Montes de San Xoán de Poio, que cedeu o terreo no que hoxe se asenta o denominado Bosque de Colón.

O profesor McElroy ten declarado que o Bosque de Colón é a obra “da que máis orgulloso se sente” e agora, 25 anos despois, volve a Galicia



para visitalo, acompañado pola súa familia e algúns dos estudantes que participaron na plantación en decembro de 1992.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.